

## RESEÑAS

**CANALES SERRANO, Antonio Francisco, y GÓMEZ RODRÍGUEZ, Amparo (Eds.) (2015). *La larga noche de la educación española. El sistema educativo español en la postguerra*. Madrid: Biblioteca Nueva, 291 pp.**

Como sabemos, o franquismo tronzou as tendencias que enmarcaran a evolución da educación que viña tendo lugar en España desde os comezos do século XX, baixo tres réximes políticos (a Restauración, a Ditadura de Primo de Rivera e a II República). Co cambio de rumbo, os vencedores aspiraban a apartar a educación das modernas correntes pedagóxicas accidentais e reconducila cara o campo do tradicionalismo pedagóxico español, como ideoloxía, e da neo-escolástica católica. Un golpe de temón que se traduciu nunha profunda involución en todos os campos, comportando a desprofesionalización do profesorado, o peche da metade dos institutos públicos e a desescolarización de amplas capas da poboación. As sombras das que falou Agustín Fernández Paz, como na “longa noite de pedra” da que falou Celso Emilio, impuxéronse sobre as luces do tempo anterior, imponéndose unha longa noite sobre o devir da educación en España.

A cuestión, examinada por distintos autores e en vario momento, merece ser revisada, logo das críticas revisións realizadas máis recentemente por parte da historiografía xeral sobre a Guerra civil e o franquismo. Este pensamento inspirou o presente texto e o conxunto das súas achegas. O mundo académico e docente de preguerra foi radicalmente desmantelado, din os seus editores, por parte duns

vencedores que partían dunha vontade inquisitorial de facer tabula rasa da cultura democrática e laica paulatinamente construída, provocando unha profunda involución, da que tratan os capítulos que neste libro se recollen, que obedecen en orixe ao curso “Educación y Franquismo: La educación española de postguerra” celebrado na Universidade de La Laguna en 2010.


Reúnense, pois, as achegas de Carme Molinero sobre os trazos do franquismo como modelo social e a orixe da Guerra Civil; de Olegario Negrín sobre a depuración franquista do profesorado dos Institutos no período 1937-1943, con particular atención ao caso canario; de Salomé Marques, quen fai referencia particular á dura cotidianeidade das aulas da escola franquista nacional-católica dos anos 40; de Antonio Canales quen analiza o que ocorreu no bacharelato: o desmantelamento da rede pública, a ‘idade de ouro’ dos colexios relixiosos, a tolerancia cara o ensino privado e os debates sobre esta etapa formativa no seo do nacional-catolicismo; de Alfonso Sánchez que avanza sobre cuestións similares desde o ángulo da Igrexa Católica e no tempo primeiro dos anos 50; de Patricia Delgado sobre a intervención política no campo das ensinanzas profesionais, con particular atención á Lei de formación profesional industrial, de 1955; do especialista nos estudos sobre a represión política do profesorado Francisco Morente, que se detén na apreciación do percorrido da Universidade española en relación co fascismo e con outros debates (“Entre tinieblas”), para rematar con dúas achegas sobre mulleres e educación no franquismo, da autoría de tamén dúas recoñecidas investigadoras, Consuelo Flecha e Teresa González, quen pasan revista á concepción patriarcal e as

súas manifestacións, ao control social efectuado desde a Sección Femenina ou a aspectos relacionados coa ruptura silenciosa.

Sinalan os editores a perentoria necesidade actual de poder dispoñer dunha crítica visión histórica xeral sobre a problemática e o desenvolvemento da educación durante o primeiro franquismo, co desexo ademais de que o campo e as realidades da Educación “entren a formar parte das facetas da realidade que os historiadores xerais manexan para a comprensión, neste caso, do réximen franquista” (p. 19).

O conxunto do texto, coas súas varias achegas, e co seu rico caudal de notas e de referencias críticas, vén ofrecer pois un panorama amplo e valioso sobre o negativo significado escolar, pedagóxico e educativo do franquismo, a ter necesariamente en conta.

Antón COSTA RICO  
USC



**VARELA IGLESIAS, M. (2015): *Colegios, Cátedras y Escuelas. Vigo (1803-1929). Las primeras instituciones educativas*. Vigo, Instituto de Estudios Vigüeses. 441 p.**

Malia que existen xa desde mediados do século XIX estudos e crónicas de diversa natureza referidos a Vigo e a súa contorna, nos que se recollen diferentes aspectos especialmente vinculados á historia local (literatura, toponimia, arte, etnografía, arquitectura, arqueoloxía, mundo xurídico) e de que os devanditos estudos son relativamente coñecidos, hai un campo no que a cidade aínda carece de suficiente información contrastada sobre a súa historia. Referímonos aos estudos e investigacións sobre a súa historia educativa. Ao caso, quizais sexa oportuno sinalar que a cidade que hoxe coñecemos era antes de